

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións e axudas

EXTRACTO DE ACORDO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXTRACTO DEL ACUERDO DE LA JUNTA DE GOBIERNO DEL AYUNTAMIENTO DE VIGO DE 15/09/2023, POR LO QUE SE CONVOCAN LAS SUBVENCIONES PARA CONTRIBUIR A LA FINANCIACIÓN DE LOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN Y DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIALES Y ENCUENTROS VECINALES DE FOMENTO DE LA PARTICIPACIÓN CIUDADANA

BDNS (Identif.):716915

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/716915)

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno del Ayuntamiento de Vigo de 15/09/2023, por lo que se convocan las SUBVENCIONES PARA CONTRIBUIR a La FINANCIACIÓN DE Los GASTOS DA ORGANIZACIÓN Y DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIALES Y ENCUENTROS VECINALES DE FOMENTO DE La PARTICIPACIÓN CIUDADANA

De conformidad con el previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.la de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index)

PRIMERO.- BENEFICIARIOS

Podrán concurrir a esta convocatoria pública las entidades que figuren inscritas en los epígrafes señalados en cada uno de los Programas referidos del Registro Municipal de Asociaciones (entidades sociales y asistenciales, culturales, festivas y de ocio, peñas recreativas, las asociaciones de vecinos y sociedades culturales y recreativas, respectivamente), que cumpliendo los requisitos y finalidad de la misma, fomenten el asociacionismo y la participación ciudadana y tengan como ámbito de actuación el término municipal de Vigo, y cuyas actividades complementen competencias municipales, mediante la realización de programas de actividades generales o específicos que sirven para reforzar los servicios que, en este ámbito, presta el Ayuntamiento de Vigo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:590TG3NA998WT9PK







SEGUNDO .- OBJETO

Esta convocatoria de subvenciones, realizada por la Concejalía de Participación Ciudadana y Distritos del Ayuntamiento de Vigo, tiene por objeto a concesión de ayudas económicas a las entidades sociales, asistenciales, culturales, festivas y de ocio, las asociaciones de vecinos y sociedades culturales y recreativas, para el desarrollo de actividades y programas de interés general, realizadas o pendientes de llevar entre el 16 de octubre lo de 2022 hasta el 15 de octubre de 2023.

Para el normal funcionamiento de la entidad, el cumplimiento de sus fines estatutarios y el desarrollo de sus actividades sociales, con esta convocatoria se pretenden fomentar las siguientes:

- Programa I: Gastos corrientes derivados de servicios de montaje y desmontaje de instalaciones cubiertas o estructuras muebles similares, siempre que no impliquen cesión a terceros donde realicen en ellas actividades mercantiles o comerciales, destinadas a la celebración de actos sociales o encuentros vecinales de carácter lúdico, benéfico, festivo y social que sean de acceso libre, y gratuito y se realicen en espacios abiertos.
- Programa II: Gastos corrientes derivados da organización de juegos populares: gastos derivados del alquiler de locales/instalaciones/mobiliario/megafonía/medios audiovisuales, trofeos, limpieza, material para las actividades, seguros, publicidad (cartelería, dípticos, vestuario y otro material publicitario...), y todos aquellos gastos que respondan de manera indudable a la naturaleza del proyecto subvencionado.
- Programa III: gastos de diseño, maquetación y edición de publicaciones en papel o en soportes digitales; y gastos de impresión y distribución de publicaciones.

TERCERO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 15/09/2023, y publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia, en el portal de transparencia y en la página web del Ayuntamiento de Vigo (www.vigo.org).

CUARTO.- CUANTÍA TOTAL Y CRÉDITO PRESUPUESTARIO

La cuantía total destinada la estas subvenciones para lo vigente ejercicio presupuestario es de 100.000,00 euros (cien mil euros), distribuidos de la siguiente manera:

- Programa I: subvenciones para financiación de los gastos derivados de servicios de montaje y desmontaje de instalaciones cubiertas o estructuras muebles similares, con una cuantía total de 30.000,00 euros.
- Programa II: subvenciones para financiación da organización de competiciones de juegos populares, con una cuantía total de 15.000,00 euros, que se encuadren en alguna de las siguientes líneas de ayudas:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación.590TG3NA998WT9PK







- la) competiciones de juegos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, con un imponerte máximo subvencionable para cada una de las entidades beneficiarias de $9.000,00 \in \text{para}$ los de ámbito internacional y nacional y de $5.000 \in \text{para}$ los de ámbito autonómico.
- b) competiciones de juegos populares de ámbito municipal consolidado (más de 40 ediciones), con un imponerte máximo subvencionable para cada una de las entidades beneficiarias de $3.000,00 \in$.
- Programa III: subvenciones para el diseño e impresión de publicaciones promovidos por entidades con una cuantía total de 55.000,00 euros, que se encuadren en alguna las siguientes líneas de ayudas:
 - la) Subvenciones para el diseño e impresión de libros sobre la historia de las distintas parroquias, con un imponerte máximo subvencionable será de 10.000 €
 - b) Subvenciones para el diseño e impresión de libros y publicaciones relativos la fiestas, con un imponerte máximo subvencionable de 4.000 €.

QUINTA.- PLAZO Y FORMA DE PRESENTACIÓN DE LA SOLICITUD

En cumplimiento del deber impuesto por el artículo 14.2.la) de la Ley 39/2015, del 15 de noviembre de Procedimiento Administración Común de las Administración Públicas (LPAC), se establece el empleo, de manera exclusiva, de medios electrónicos (tramitación on line) para presentar y tramitar la solicitud de esta subvención a través de la sed electrónica del Ayuntamiento de Vigo, mediante lo Registro General Electrónico (Carpeta Ciudadana).

Para dicha tramitación se requiere la identificación de la entidad solicitante y la firma electrónica de su representante legal, por cualquiera de las modalidades admitidas por el Ayuntamiento de Vigo, que se pueden consultar en el enlace https://sed.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

El plazo de presentación de las solicitudes y de la documentación complementaria correspondiente, será de 10 días naturales, a contar desde el día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, que será comunicado desde la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidad de subvenciones nos tener del art. 30 de la LPAC.

PONTEVEDRA, 01/09/2023 ABEL CABALLERO ÁLVAREZ, ALCALDE Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Códico seguiro de verificación:590TG3NA998WT9PK







EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE 15/09/2023, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

BDNS (Identif.): 716915

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/ convocatoria/716915)

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 15/09/2023, polo que se convocan as SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (htttp://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index)

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS


Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO - OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o 16 de outubro de 2022 ata o 15 de outubro de 2023.

Para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais, con esta convocatoria se pretenden fomentar as seguintes:

• Programa I: Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión



- a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais, destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.
- Programa II: Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.
- Programa III: gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de —/—/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO - CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 100.000,00 euros (cen mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

- Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de 30.000,00 euros.
- Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de 15.000,00 euros, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:
 - a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de $9.000,00 \in \text{para}$ os de ámbito internacional e nacional e de $5.000 \in \text{para}$ os de ámbito autonómico.
 - b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de $3.000,00 \in$
- Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de 55.000,00 euros, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:
 - a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de 10.000 €.
 - b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de 4.000 €.









QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña) para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá).

Para dita tramitación requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

PONTEVEDRA, 01/09/2023 ABEL CABALLERO ÁLVAREZ, ALCALDE

